

## **SITUACIÓN GANOMAGOGA**

Este xoves 9 de marzo, celebrouse unha nova reunión do Comité de Empresa de Ganomagoga coa dirección empresarial.

A empresa notificou o **inicio do período de negociación**, o próximo 16 de marzo, **dun ERE** (despido colectivo de todo o persoal), derivado da situación da empresa, que arrastra meses de falta de traballo e liquidez.

A maiores e **grazas á solicitude de Comisións Obreiras** o vindeiro **mércores 15 de marzo** ás 9:30 en San Lázaro (Santiago de Compostela) **vaise celebrar unha reunión bilateral coa Consellería de Economía, Industria e Innovación**, dirixida por Francisco Conde.

**O Sindicato urxe ás administracións públicas a buscar unha solución para os máis de 200 traballadores** de todo o Grupo Ganomagoga.

Así mesmo, o Sindicato manifesta a súa **desconfianza ante a xestión empresarial**, nunha empresa que chegou a máximos de produtividade durante o 2022. É importante salientar que a empresa rematou o exercicio do ano 2021 con **grandes beneficios**.

**Comisións Obreiras participará de todas as iniciativas mobilizadoras que se vaian desenvolver nas vindeiras semanas.**

**POR MALA XESTIÓN ESTAMOS NESTA SITUACIÓN**

9 DE MARZO DE 2023